

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC01	Proxectos de edificación	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0562	Estruturas de construción	2023/2024	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DOLORES MÉNDEZ CAABEIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realízase segundo o Decreto 188/2011, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en Proxectos de Obra Civil. Será de aplicación no Departamento de Edificación e Obra Civil do IES Politécnico de Vigo.

Corresponde ó módulo de 1º curso: ESTRUCTURAS DE CONSTRUCCIÓN.

Está contextualizada no ámbito da área metropolitana de Vigo e comarcas limítrofes, tanto no sector da edificación como no da obra civil.

O entorno produtivo susténtase en pequenas e medianas empresas constructoras, estudos de arquitectura e enxeñería civil e organismos públicos de carácter local, provincial ou autonómico. En todas elas realízanse tarefas de deseño, control e execución de obras de construción, polo que co currículo preténdese chegar a satisfacer as súas necesidades e características.

En todo caso, adecuarase aos artigos 5, 6, 7 e 8 do Decreto 188/2011.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PREDIMENSIONAMENTO DE ELEMENTOS DE CONSTRUCCIÓN	- Cálculo da magnitude e dirección da resultante dunha serie ou sistema de forzas dispersas no plano utilizando o polígono central e o funicular. - Realización da composición e descomposición de forzas de forma analítica e gráfica. - Aplicación de momentos estáticos á resolución de problemas de composición de forzas dispersas e paralelas. - Identificación e obtención analítica e gráfica da posición do centro de gravidade de figuras simples. - Identificación e cálculo dos momentos de inercia de figuras simples e compostas	18	10
2	ELABORACIÓN DE DIAGRAMAS DE ESFORZOS	- Realización dun esquema do percorrido de cargas dunha estrutura elemental. - Cálculo das reaccións e esforzos dos sistemas articulados - Identificación dos distintos tipos de cargas e apoios en vigas. - Obtención do valor do esforzo cortante e o momento flexional dunha viga simplemente apoiada. - Definición das condicións de equilibrio estático de muros	25	20
3	DEFINICIÓN DE SOLUCIÓNS E MATERIAIS ESTRUCTURAI	- Identificación de solucións, detalles construtivos de elementos estruturais de formigón armado, aceiro, madeira, mixta e fábrica - Procesos de execución de elementos e conexións de elementos estruturais de formigón armado, aceiro, madeira, mixta e fábrica - Identificación de sistemas de ensamblaxe, unión, apuntalamiento e apeo para a confección de elementos de formigón armado. - Execución do desencofrado. - Secuenciación dos procedementos de posta en obra do formigón (fabricación/transporte- verquido-compactado-curado) e dos procedementos para a execución de armaduras (medida, corte, dobrado e montaxe das barras)	20	15
4	DIMENSIONAMENTO DE ESTRUCTURAS	- Realización do esbozo e elaboración da documentación de apoio, que sirva de base á definición das estruturas. - Cuantificación das accións. Avaliación das accións ás que están sometidas elementos estruturais sinxelos. - Cálculo de pezas sometidas a tracción, compresión e flexión. Normativa aplicable. Aplicación e método correspondente (ábacos, táboas ou programas informáticos). - Dimensionado de cimentacións, vigas de formigón armado, aceiro e madeira. - Dimensionado de soportes de formigón armado, aceiro e madeira. - Dimensionado de muros de formigón armado e fábrica. - Dimensionado de sistemas estruturais articulados de aceiro laminado e madeira	25	20
5	RECOÑECIMENTO DAS CARACTERÍSTICAS DO TERREO	- Establecemento da relación dos materiais que compoñen o terreo coas súas propiedades. - Determinación da densidade e a profundidade dos recoñecementos e representado nun plano mediante referencias. - Investigación do terreo: As construcións e o terreo para os efectos de recoñecemento. - Identificación dos procedementos para a prospección do terreo. Exploracións, sondaxes mecánicas, probas continuas de penetración, métodos xeofísicos. - Caracterización dos ensaios de campo que poden realizarse nun recoñecemento xeotécnico. - Procedementos para a toma de mostras dun terreo. - Elaboración dun guión básico co contido dun estudio xeotécnico	10	5
6	IDENTIFICACIÓN DE MAQUINARIA E OPERACIÓNS PARA MOVEMENTO DE TERRAS	- Identificación de las operaciones básicas del movimiento de tierras arranque, carga, transporte, explanación, compactación y la maquinaria asociada. - Definición de los procedimientos para asegurar la estabilidad de los taludes y paredes de la excavación (entibación, refuerzo y protección superficial del terreno). - Procesos de ejecución de excavaciones en cimientos y zanjas: lectura del plano, replanteo y marcado, descripción de tareas, recursos materiales y humanos, selección maquinaria, entibaciones, excavación, taludes, refino, retirada de tierras, rellenos...- Caracterización del proceso de ejecución de rellenos y los controles que deben realizarse	15	15
7	SOLUCIÓNS CONSTRUTIVAS PARA CIMENTACIONES E ELEMENTOS DE CONTENCIÓN	- Tipos de cimentación e procesos de execución	15	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	PREDIMENSIONAMENTO DE ELEMENTOS DE CONSTRUCCIÓN	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza cálculos para o predimensionamento de elementos de construción resolvendo problemas de estática e aplicando a composición, a descomposición e o equilibrio de forzas, así como os seus momentos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Calculouse a magnitude e a dirección da resultante dun sistema de forzas.
CA1.2 Realizouse de xeito analítico e gráfico a descomposición dunha forza en dúas direccións dadas.
CA1.3 Obtívose a resultante dunha serie de forzas dispersas no plano utilizando o polígono central e o funicular.
CA1.4 Compuxéronse e descompuxéronse analiticamente e graficamente forzas paralelas.
CA1.5 Aplicáronse momentos estáticos na resolución de problemas de composición de forzas dispersas e paralelas.
CA1.6 Establecéronse as condicións xerais de equilibrio de forzas no plano.
CA1.7 Identificouse a posición do centro de gravidade de figuras simples.
CA1.8 Obtívose analiticamente e graficamente a posición do centro de gravidade en figuras compostas.
CA1.9 Identificáronse os momentos de inercia de figuras simples.
CA1.10 Calculáronse os momentos de inercia de figuras compostas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Forzas: composición e descomposición; equilibrio.
Momentos estáticos.
Condicións de equilibrio de forzas no plano.
Centros de gravidade. Momentos de inercia.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	ELABORACIÓN DE DIAGRAMAS DE ESFORZOS	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora diagramas de esforzos internos, analizando elementos estruturais de construción, e determina os efectos producidos pola acción das cargas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os elementos e os sistemas estruturais: cables e membranas, triangulados, reticulados, laminares e porticados.
CA2.2 Debúxose un esquema do percorrido de cargas dunha estrutura elemental.
CA2.3 Definíronse os tipos de apoios e unións.
CA2.4 Recoñécéronse as características dos sistemas articulados.
CA2.5 Calculáronse as reaccións e os esforzos dun sistema articulado.
CA2.6 Identifícanse os tipos de cargas e apoios en trabes.
CA2.7 Obtívose o valor do esforzo cortante e o momento flector dunha trabe simplemente apoiada.
CA2.8 Definíronse as condicións de equilibrio estático de muros de sostemento.

4.2.e) Contidos

Contidos
Elementos e sistemas estruturais: accións, percorrido e transferencia. Forzas interiores. Unións e apoios.
Sistemas articulados. Esforzos nas barras: tracción e compresión.
Esforzos internos: esforzo cortante e momento flector nunha trabe. Diagrama de cortantes e flectores.
Macizos de fábrica. Rozamento. Muros de sostemento e a súa estabilidade. Pulos de terras e a súa determinación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	DEFINICIÓN DE SOLUCIONS E MATERIAIS ESTRUCTURAIS	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Propón solucións construtivas para estruturas de construción, tendo en conta a relación entre a súa tipoloxía, as propiedades do material empregado e o proceso da súa posta en obra.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identificouse a tipoloxía de elementos estruturais de formigón armado, aceiro, madeira e fábrica, así como as súas características fundamentais.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de formigón coas súas características, as súas propiedades e as súas aplicacións.
CA3.3 Estableceuse a secuencia dos procedementos de posta en obra do formigón (fabricación, transporte, vertedura, compactación e curado).
CA3.4 Identificáronse os tipos de encofrado, as súas características e as súas aplicacións.
CA3.5 Identificáronse os sistemas de ensamblaxe, unión, apuntalamo e apeamento para a confección de elementos de formigón armado.
CA3.6 Establecéronse criterios para a execución do desencofrado.
CA3.7 Relacionáronse coas súas aplicacións a tipoloxía e as características das armaduras utilizadas en obras de formigón armado.
CA3.8 Estableceuse a secuencia dos procedementos para a execución de armaduras (medida, corte, dobradura e montaxe das barras).
CA3.9 Relacionáronse coas súas aplicacións a tipoloxía e as características do aceiro utilizado en estruturas metálicas.
CA3.10 Relacionáronse coas súas aplicacións a tipoloxía e as características da madeira utilizada en estruturas.
CA3.11 Caracterizáronse os materiais utilizados na execución de fábricas e as súas propiedades.

4.3.e) Contidos

Contidos
Estruturas de formigón armado.
0Materiais utilizados en fábricas: tipoloxía e propiedades. Morteiros: tipos, propiedades e execución. Armaduras, chaves e pezas de unión.
Solucións, detalles construtivos e procesos de execución de elementos e conexións. Formigón, encofrados e armaduras: tipoloxía, propiedades, fabricación e posta en obra.
Elementos prefabricados.
Naves prefabricadas.
Estruturas de aceiro: solucións, detalles construtivos e procesos de execución de elementos e conexións.
0 aceiro: tipos e características, propiedades mecánicas e perfís comerciais.
Estruturas de madeira: solucións, detalles construtivos e procesos de execución de elementos e conexións.
A madeira como material estrutural: tipoloxía, propiedades e protección. Adhesivos.



Contidos

Estruturas de fábrica: solucións construtivas. Tipos de muros. Coordinación dimensional. Solucións, detalles construtivos e procesos de execución de elementos e conexións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	DIMENSIONAMENTO DE ESTRUTURAS	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Dimensiona elementos e sistemas estruturais sinxelos de formigón armado, aceiro, madeira ou fábrica, con aplicación da normativa e utilizando procedementos de cálculo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Realizáronse esbozos e preparouse documentación de apoio que sirva de base á definición das estruturas.
CA4.2 Avaliáronse as accións a que están sometidos elementos estruturais sinxelos.
CA4.3 Dimensionáronse cimentacións mediante zapatas illadas de formigón armado.
CA4.4 Dimensionáronse traveses de formigón armado, aceiro e madeira.
CA4.5 Dimensionáronse soportes de formigón armado, aceiro e madeira.
CA4.6 Dimensionáronse muros de formigón armado e fábrica.
CA4.7 Dimensionáronse sistemas estruturais articulados de aceiro laminado e madeira.
CA4.8 Aplícase a normativa e o método correspondente (ábacos, táboas ou programas informáticos).

4.4.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía de cargas.
Cuantificación das accións.
Acción das cargas sobre os elementos estruturais: esforzos simples e compostos.
Características mecánicas dos materiais: tensións, módulos e coeficientes.
Cálculo de pezas sometidas a tracción, compresión e flexión. Normativa aplicable.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	RECOÑECIMENTO DAS CARACTERÍSTICAS DO TERREO	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece os métodos e a operativa para a prospección do terreo, tendo en conta a súa relación coa determinación das propiedades do solo, coa súa clasificación para os efectos de cimentación e co contido do estudo xeotécnico.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Relacionáronse coas súas propiedades os materiais que compoñen o terreo.
CA5.2 Clasifícaronse as construcións e o terreo de acordo cos sistemas de recoñecemento.
CA5.3 Determinouse a densidade e a profundidade dos recoñecementos e representouse nun plano mediante referencias.
CA5.4 Identifícaronse os procedementos para a prospección do terreo.
CA5.5 Caracterizáronse os ensaios de campo que se poden realizar nun recoñecemento xeotécnico.
CA5.6 Definíronse os obxectivos, as categorías, os equipamentos e os procedementos para a toma de mostras dun terreo.
CA5.7 Recoñecéronse os ensaios de laboratorio que se utilizan para determinar as propiedades dun solo.
CA5.8 Elaborouse un guión básico co contido dun estudo xeotécnico.

4.5.e) Contidos

Contidos
Rochas: clasificación e propiedades.
Solos: orixe, estrutura física e clasificación. Estratificación do terreo. A auga no solo.
Investigación do terreo.
Clasificación de construcións e terreos para os efectos de recoñecemento. Prospección do terreo.
Ensaos de campo.
Toma de mostras.
Ensaos de laboratorio.
Determinación das propiedades máis habituais dun solo.
Contido do estudo xeotécnico.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	IDENTIFICACIÓN DE MAQUINARIA E OPERACIÓN PARA MOVIMENTO DE TERRAS	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Caracteriza as operacións de movemento de terras, para o que analiza os procesos de execución asociados, tendo en conta a súa relación coa maquinaria empregada.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Diferenciáronse as características e os métodos do movemento de terras.
CA6.2 Identificouse a maquinaria utilizada para o movemento de terras e a súa tipoloxía.
CA6.3 Identificáronse as operacións básicas de movemento de terras (arranque, carga, transporte, explanación e compactación) e a maquinaria asociada.
CA6.4 Definíronse os procesos de execución de escavacións, realizando lecturas de planos, e describíronse as tarefas e os recursos materiais e humanos necesarios.
CA6.5 Relacionouse a maquinaria cos traballos que cumpra realizar.
CA6.6 Definíronse os procedementos para asegurar a estabilidade dos noiros e das paredes da escavación (esteamento, reforzo e protección superficial do terreo).
CA6.7 Caracterizouse o proceso de execución de recheos e os controis que cumpra realizar.

4.6.e) Contidos

Contidos
Características e métodos de roza, explanación, desmonte, baleiramento, escavacións e terrapléns.
Maquinaria para movemento de terras: tipoloxía.
Operacións básicas e maquinaria asociada: arranque, carga, transporte, explanación e compactación.
Procesos de execución de escavacións en alicerces e gabias.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	SOLUCIONS CONSTRUTIVAS PARA CIMENTACIONES E ELEMENTOS DE CONTENCIÓN	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Propón solucións construtivas para cimentacións e elementos de contención, tendo en conta a relación entre as súas características e os procesos e traballos de execución.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Reuníuse a información gráfica de cimentacións e elementos de contención.
CA7.2 Identifícanse os tipos de cimentacións directas e profundas, e de elementos de contención, así como as súas características fundamentais.
CA7.3 Relacionouse o proceso de execución de zapatas, lousas e pozos de cimentación cos tipos de pilotaxe e encepamento.
CA7.4 Relacionouse o proceso de execución de muros e pantallas coas condicións que deba cumprir o soporte.
CA7.5 Recoñecéronse as unidades de obra relativas ás cimentacións directas e profundas, e aos elementos de contención.
CA7.6 Determináronse os recursos necesarios para a execución das cimentacións e os seus procedementos de control.
CA7.7 Identifícanse os aspectos relativos ao esgotamento ou rebaixamento da auga.
CA7.8 Identifícanse as inestabilidades das estruturas enterradas no terreo por roturas hidráulicas.
CA7.9 Realizáronse esbozos a man alzada das solucións propostas.

4.7.e) Contidos

Contidos
Conceptos xerais sobre a cimentación.
Cimentacións superficiais ou directas.
Cimentacións profundas.
Elementos de contención.
Elementos singulares asociados á cimentación e á contención. Sistemas de mellora ou reforzo do terreo.
Procesos de execución de cimentacións e contencións. Patoloxía das cimentacións.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para obter os Resultados de Aprendizaxe (RA) en cada Unidade Didáctica (UD) defínense Actividades de ensino e aprendizaxe (A) que permitirán coñecer e avaliar o grao de consecución de obxectivos alcanzados polos alumnos a través dos Instrumentos de Avaliación (IA) propostos nos Criterios de Avaliación (CA).

O peso de cada un dos instrumentos de avaliación das actividades avaliábeis están recollidos na programación e serán valoradas de 1 a 10 puntos, sendo necesario unha puntuación mínima de 5 para obter a cualificación positiva en cada Criterio de Avaliación (CA).

A nota final da avaliación será a nota media ponderada das notas obtidas nos Criterios de Avaliación (CA) das actividades propostas para as distintas Unidades Didácticas que se agrupan en cada avaliación.

- As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza a xefatura de estudos.
- Realizaranse distintas actividades en cada trimestre e un ou dous exames (controles).
- O resultado da nota de cada avaliación sairá da fórmula $N = 0,60T + 0,40P$

T: exame teórico (media dos exames da avaliación)

P: traballos prácticos ((media das probas da avaliación)

- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10
- Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.

A nota final do módulo será como mínimo a media das notas das avaliacións realizadas durante o curso.

-Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.

Condición necesaria para aprobar é facer todas as actividades propostas en cada trimestre e ao longo do curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O longo de todo o proceso de aprendizaxe do alumno realizarase unha análise, detección e rectificación das carencias e dos erros cometidos nas fases anteriores e proporanse actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado.

As actividades de recuperación estableceranse de modo individualizado, baseándose naquelas partes pendentes de recuperar.

O profesor indicarlle a cada un dos alumnos os contidos a recuperar e que poderán ser valorados mediante probas obxectivas, entrega dun novo traballo e/ou modificación do traballo obxecto de recuperación.

Fixaranse os prazos de entrega e os criterios de presentación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superaron o máximo permitido do 10% de faltas de asistencia sen xustificar perderán o dereito a avaliación continua do módulo. As datas, horarios e estrutura da proba serán anunciados previamente no taboleiro de anuncios do centro.

Neste caso terán que realizar unha proba específica (teórica e práctica) dos contidos do curso tendo que obter unha puntuación de 5 sobre 10.

- O resultado da nota sairá da fórmula $N = 0,50E + 0,50T$

Como criterio xeral de cualificación, establécese que se considera acadado un determinado resultado de aprendizaxe (RA) cando, aplicando os criterios de avaliación (CA) sobre os bloques de contidos (BC), a resposta do aspirante sexa avaliada positivamente nos seus aspectos conceptual e procedemental, cumprindo a totalidade dos requisitos requiridos nas probas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Periódicamente, farase unha reunión co equipo docente para valorar o seguimento da programación.

Deixarase constancia das desviacións producidas en canto a temporalización, secuenciación de contidos e instrumentos de avaliación, así como as súas causas posibles.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, se o centro os tivese ou se os alumnos ou alumnas os achegan.
- Dos estudos académicos ou as ensinanzas de formación profesional (de carácter regrado, ocupacional ou continuo) previamente realizados.
- Do acceso mediante proba para o alumnado sen titulación.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.
- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Os acordos que adopte o equipo docente nesta sesión de avaliación recolleranse nunha acta, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.

Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Despois de realizada a Avaliación Inicial tomaranse as decisións oportunas para garantir a atención a diversidade.

Consistirán nun incremento na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor, todo elo na medida que permita o correcto desenvolvemento do resto das actividades programadas do módulo.

En caso de requirir unha especial atención, solicitarase unha axuda específica á dirección do centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Transmitiranse todos aqueles valores cívicos e éticos que fagan que os alumnos teñan unha maior conciencia como cidadáns e, por outra banda, que saiban comportarse de xeito adecuado no mundo profesional.

Fomentaranse as actitudes de respecto cara as persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas, valorando o pluralismo e a diversidade.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias realizaranse durante o horario escolar e serán de obrigada asistencia para o alumnado. Consistirán na asistencia a conferencias, recollida de información en empresas e organismos públicos, etc, organizados no propio departamento de EOC ou pola dirección do centro.

As actividades extraescolares estarán organizadas fora do horario escolar, en horas previamente fixadas pola dirección do centro e aprobadas polo consello escolar. Consistirán na realización de visitas a empresas e organismos, a obras e a feiras e exposicións relacionadas co entorno produtivo, etc.

Os dous tipos de actividades axudarán o alumno a unha mellor comprensión dos coñecementos que se imparten na aula e do entorno produtivo no que se moverán no futuro.